



Caderno da crítica

María Solar: “Os lectores gáñanse desde pequenos” (en Qué leer, nº 184, Letras galegas)

[Ramón Nicolás 6 de febreiro de 2013](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2013/02/06/maria-solar-os-lectores-gananse-desde-pequenos-en-que-leer-n%C2%BA-184-letras-galegas/>

ESTA PROFESIONAL DA RADIO E TELEVISIÓN PÚBLICAS GALEGAS XA LEVA ALGÚN TEMPO TRIUNFANDO NO ÁMBITO DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GRAZAS A TÍTULOS COMO O RECENTE [AS MEIGAS DE LUPA](#) (XERAIS)

[María Solar](#) (Santiago de Compostela, 1970), realizou estudos de Periodismo, Bioloxía e Maxisterio e desenvolveu o seu traballo profesional no ámbito da comunicación, cunha traxectoria especialmente intensa tanto na Radio Galega como na [Televisión de Galicia](#), onde presenta e coordina actualmente [ZigZag Diario](#), un interesante programa de contidos culturais. Responsable de títulos de ensaio e investigación, nos últimos anos centrouse no ámbito da literatura xuvenil e infantil onde conseguiu diversos galardóns e recoñecementos.

– **Como naceu a súa querenza polo xénero da literatura infantil e xuvenil?**

– Naceu seguramente dunha infancia solitaria e do convencemento de que é un xénero poderoso nas súas posibilidades e nos seus resultados. Os lectores gáñanse desde pequenos e cando aos nenos lles gusta o que len son o público máis apaixonado, entregado e soñador. Devolven moito ao autor.

– **As súas últimas achegas gozaron de éxito e aceptación entre crítica e lectores. Como valora esta recepción?**

– Recibino como un impulso para seguir e para pecharme a escribir cada noite un momentíño cando xa todos dormen. Creo no xenio para encontrar unha boa idea e desenvovela, pero tamén no esforzo e o oficio para aprender de todo o que escribiches antes e mellorar. Por iso o tempo vai visibilizando, xunto ás novas obras, as anteriores e forxando unha traxectoria.

– **Con *As meigas de Lupa* internouse na novela para un público adolescente, pero con moitas claves para un lector adulto...**

– Gústame traballar con varios niveis de lectura, o autor debe ofrecer historias nas que o lector poida afondar máis ou menos, iso representa chegar a máis persoas. Non se pode estimar a idade dos lectores polos seus anos de vida, tería que ser polos seus anos de lectura ou polas súas

vivencias, de maneira que o libro debe ser intelixente e ofrecer unha historia clara e nida, na que poder remexer e atopar máis detrás de cada personaxe, da época histórica, das relacións, de maneira que o libro sexa realmente como sinala a recomendación editorial “desde os 12 anos ata os 100”.

– **Canto hai da súa experiencia profesional n’[A verdadeira historia da mosca da tele](#)?**

-Naceu dunha vivencia profesional, en concreto dunha mosca moi pesada que tiñamos no estudio de TV onde gravo o meu programa cada día e que se comportaba como unha profesional amolando só cando se acendía a luz vermella. De aí xurdiu unha historia moi divertida e tola contada por un destes insectos en primeira persoa, na que un humano a fai pasar por mil vicisitudes en teles de medio mundo. É un libro moi ecoloxista que non fala nada de ecoloxía.

– **O seu traballo na TVG vincúlase con contidos culturais. Dende esta perspectiva, cal é a súa visión sobre a importancia deste tipo de programas?**

– Máis que nunca a cultura ten que ter os seus propios programas para amosarse e, á vez, ten que estar tamén no resto da programación. Os libros, as películas, a música son atractivos para o espectador, por iso é imprescindible que haxa programas de cultura accesibles que nos abran os ollos sobre o que se está a facer, que é moito.

Este texto publicouse nas páxinas da revista [Qué leer](#), nº 184, na sección “Letras galegas”, baixo o título de “María Solar y el público más soñador”. Ofrezco aquí a versión galega desta entrevista.